

EXPTE. Nº 13L/2015 – TERRA DE SANXENXO: SUBMINISTRACIÓN DE “RENOVACIÓN DOS EQUIPOS INFORMÁTICOS DAS BIBLIOTECAS”.

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA

Vista a proposta do concelleiro de cultura, festexos e xuventude de data 10/09/2015, que a continuación se transcribe:

“ASUNTO: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Á vista da proposta desta concellería de cultura, festexos e xuventude de incoación do expediente de contratación do subministro de referencia, de data 01/07/2015, que de xeito literal di:

“ASUNTO: PROPOSTA INCOACIÓN DO EXPTE DE CONTRATACIÓN

Concedida a subvención para esta subministración, por Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 30 de abril de 2015.

Retido o crédito presupostario, preciso para o financiamento das obras de referencia, na partida 33004 / 22608 de acordo ós documentos “RCs” asinados polo Interventor xeral o 11 de febreiro de 2015 e o 14 de maio de 2015.

En base ao anterior, **propoño:**

Primeiro: Incoar expediente de contratación do subministro de **“Renovación dos equipos informáticos das bibliotecas”**, cun orzamento por contrata de **once mil catrocentos setenta e cinco con tres (11.475,03 €)**.

Segundo: Solicitar ás empresas que seguen oferta respecto a execución desta obra e a presentación da documentación necesaria:

- 4. MYDIC Galicia SLNE: C/ Progreso nº 59, 36960; Sanxenxo.**
- 5. Martínez Gómez JA, S.L – Infotel Vilalonga: Vilar nº 3, bajo Villalonga.**
- 6. David González Abal - DGA Informática: C/ Salgueira 44, Villalonga.**

Á vista da proposta desta concellería de cultura, festexos e xuventude de data 15/07/2015 que de xeito literal di:

PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTEXOS E XUVENTUDE

Dado que pola empresa **Martínez Gómez JA, S.L** consultada para que realizase unha oferta no expediente de contratación “Subministración de: Renovación dos equipos informáticos” non presentou oferta, e tendo en conta que é necesario consultar a tres empresas con capacidade dentro do expediente de contratación é polo que propoño que se consulte para que formule a oferta no citado expediente a empresa que a continuación se menciona:

INFORMÁTICA MAPA.COM, S.C, RÚA PROGRESO, 66, BAIXO 2, 36960 SANXENXO

Á vista da proposta desta concellería de cultura, festexos e xuventude de data 28/07/2015 que de xeito literal di:

PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTEXOS E XUVENTUDE

Dado que polas empresas **Martínez Gómez JA, S.L e Informática Mapa. Com, S.C** consultadas para que realizasen unha oferta no expediente de contratación "**Subministración de: Renovación dos equipos informáticos das bibliotecas**" non se presentou oferta, e tendo en conta que é necesario consultar a tres empresas con capacidade dentro do expediente de contratación é polo que propoño que se consulte para que formule a oferta no citado expediente a empresa que a continuación se menciona:

GESTIÓN TOTAL INFORMÁTICA, S.L, CASTELAO 113, BAJO; 36980 O GROVE

Á vista da proposta desta concellería de cultura, festexos e xuventude de data 13/08/2015 que de xeito literal di:

PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTEXOS E XUVENTUDE

Dado que polas empresas **Martínez Gómez JA, S.L, Informática Mapa. Com, S.C e Gestión Total Informática, S.L** consultadas para que realizasen unha oferta no expediente de contratación "**Subministración de: Renovación dos equipos informáticos das bibliotecas**" non se presentou oferta, e tendo en conta que é necesario consultar a tres empresas con capacidade dentro do expediente de contratación é polo que propoño que se consulte para que formule a oferta no citado expediente a empresa que a continuación se menciona:

LANDIN INFORMATICA S.L, C/RIO LEREZ,1; 36005 POIO, PONTEVEDRA

A esta licitación presentaron a súa oferta as empresas **MYDIC Galicia SLNE, David González Abal - DGA Informática e Landín Informática, SL:**

- **Oferta 1:** Presentada por David González Abal, en representación da empresa **David González Abal - DGA Informática** oferta realizar o subministro por **11.301,40 euros (con IVE).**
- **Oferta 2:** Presentada por Javier Landín Martínez, en representación da empresa **Landín Informática, SL;** oferta realizar a subministración por **11.216,70 euros (con IVE).**
- **Oferta 3:** Presentada por Manuel Veiga Rioseco, en representación da empresa **MYDIC Galicia SLNE,** oferta realizar a subministración por **10.093,05 euros (con IVE).**

Ó analizar as tres ofertas e antes de realizar a proposta solicítouse un informe de valoración ó servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de

Pontevedra para avaliar o prezo, os equipos e as súas características, para atopar o equipamento máis vantaxoso para os intereses municipais, xa que debe considerarse a marca dos equipos que se reflicte no orzamento previo á consulta meramente orientativo.

No informe asinado por D. Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías Indícase logo de describir os detalles das tres ofertas que á vista da análise realizado polo persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra sobre as ofertas presentadas polas empresas ó concello e que se fixeron chegar á Deputación para a súa valoración, conclúese que a oferta correspondente á empresa Landín Informática (LANDÍN) resulta ó seu xuízo a máis vantaxosa para o Concello de Sanxenxo xa que achega un equipo de calidade recoñecida no mercado, co prezo máis vantaxoso de acordo ó mercado e cunhas características técnicas ofertadas que entende óptimas para a utilización prevista nos equipos.

Logo de analizar o informe e presentada no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo, a documentación requirida á empresa que mellor oferta presenta das consultadas “Landín Informática, SL” en data 21/08/2015 (entrada nº 8676), **esta concellería propón:**

Adxudicar a subministración de “Renovación dos equipos informáticos das bibliotecas” á empresa LANDÍN INFORMÁTICA,SL, de acordo á oferta presentada, polo importe de ONCE MIL DOUSCENTOS DEZASEIS CON SETENTA (11.216,70) Euros (IVE engadido). *****

Esta presidencia, resolve:

Primeiro: Adxudicar a execución do subministro de “Renovación dos equipos informáticos das bibliotecas” á empresa “Landín Informática, SL”, de acordo á oferta presentada, polo importe de ONCE MIL DOUSCENTOS DEZASEIS CON SETENTA (11.216,70) Euros (con IVE).

Segundo: Aprobar o gasto, con cargo á partida presupostaria 33004/22608 por un importe de 11.216,70 Euros (con IVE).

Terceiro: No prazo máximo de quince (15) días hábiles a contar dende o seguinte ao de notificación desta resolución, **formalizarse en documento administrativo o contrato respectivo.** Ó ser un contrato menor non existe depósito da garantía, porén no suposto de detectarse deficiencias no subministro antes do remate do prazo da garantía o adxudicatario deberá subsanar as deficiencias detectadas polos técnicos municipais. De non ser así esta presidencia aprobará a liquidación correspondente a nome do contratista

TERRA DE SANXENXO

Pazo Emilia Pardo Bazán
Avda. Miraflores, s/n


Tel.: 986 727936
36960 – Sanxenxo
Pontevedra

polo importe das deficiencias existentes, que deberá abonar co fin de que a administración local sufrague estes custos.

Dada en Sanxenxo a once de setembro de dous mil quince.

O alcalde




Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, secretario accidental




Luis Ángel Sabariz Rolán